

Cyanistes caeruleus (Linnaeus, 1758)

	ferreiriño azul
	herrerillo común
	amilotx urdina
	mallerenga blava
	blue tit
	chapim-azul



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Paridae	<i>Cyanistes</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	11 g
Lonxitude	11,5 cm
Envergadura	17,5-20 cm

ALIMENTACIÓN

Aliméntase de numerosos invertebrados e en menor medida sementes e froitas carnosas.

COMPORTEAMENTO

Ambos sexos constrúen un niño con musgos, herbas, pelo e lá en buratos de árbores. A principios de primavera comeza o celo, no que o macho se lanza ao chan dende unha rama alta coas ás estendidas para elevarse ata o niño antes de alcanzar o chan. Para o cortexo utiliza igualmente o azul do seu capirote e das súas ás, que axita diante da femia con frenesí, ofrecéndolle tamén comida de forma incesante. A femia acéptaa, pois vai necesitar sobrealimentación para sobrelevar o desgaste que supoñen as súas enormes postas. Esta ave usa a estratexia de realizar un grande esforzo puntual, en vez de varios separados no tempo, por iso só realiza unha posta ao ano.

REPRODUCCIÓN

Unha sola posta ao ano. Nelas pon entre 6 e 21 ovos brancos e con moteado vermello que a femia incuba durante 12-16 días. Tras tres semanas, os polos xa poden voar.

HÁBITAT

Zonas arboradas, sobre todo bosques caducifolios e de frondosas perennes.

DISTRIBUCIÓN

Estendida por grande parte de Europa, dende as illas Británicas ata os Urales.

CURIOSIDADES

Ata hai pouco tempo, as poboacións das illas Canarias e do norte de África considerábanse dentro desta especie, pero agora considéranse como unha nova especie, *Parus teneriffae*.